

Ruta FOXO do Lobo

Este fermoso percorrido proposto permite coñecer unha mostra moi representativa do patrimonio etnográfico-gandeiro e natural da Serra do Suído.

A vella e fortemente erosionada formación granítica da **Serra do Suído**, caracterizada pola combinación de pendentes abruptas nas súas caeiras con planaltos na liña de cumes, **representa o límite meridional da Dorsal Galega**, e a fronteira administrativa entre as provincias de Ourense (Concellos de Avión y Beariz) e Pontevedra (Concellos de Covelo, Fornelos de Montes e A Lama). Os valores de conservación deste espazo natural, candidato á inclusión na Lista de Lugares de Importancia Comunitaria da Unión Europea, veñen definidos sobre todo por albergar amplas superficies de ecosistemas seminaturais de matogueira atlántica e turbeiras nas que desenvolven o seu ciclo vital especies animais e vexetais propias de ecosistemas abertos como o lobo (*Canis lupus*), a gataformela (*Circus pygargus*), a aguiá albela (*Circus alcyon*), ou os amarelos (*Narcissus cyclamineus*, *N. pseudonarcissus*). Igual ou maior importancia que os valores de conservación naturais, ten o rico **patrimonio etnográfico gandeiro da serra**, que do mesmo xeito que os ecosistemas é o froito da interacción perante séculos entre o home, o seu gando e o medio natural.

O Patrimonio etnográfico gandeiro da serra do Suído en Covelo

Os nosos antergos, labregos e gandeiros a partes iguais, precisaron domesticar e adaptar ás súas necesidades o medio natural e paisaxe da serra, para que durante o final da primavera e no verán o gando pacera no pasto tenro das brañas e praderías do monte ó tempo que as terras baixas ficaban intensamente traballadas. Froito deste secular manexo agrogandeiro, é a escolma de bens e elementos etnográficos que son resposta da dependencia dos poboadores, gando e cultivos, dos recursos naturais da Serra do Suído.


Conxuntos Etnográficos do Foxo do Lobo e dos Chozos De Bidueiros

Na ruta poderán apreciar:

1. Un conxunto etnográfico que xira en torno a un elemento central que é a "forca do lobo" como é coñecido o foxo polos veciños de Campo, está situado na portela que actúa como divisoria de augas entre as bacías do Tea e o Oitavén, na converxencia dos macizos de Espincelo e Suarquiña-Lombo da Serra.
2. Na caeira leste do Coto de Bidueiros, aséntase o conxunto etnográfico de Bidueiros formado polas chozas, currais e sesteiros destinados á explotación gandeira dos pastos deste macizo. O proxecto ten restaurado parcialmente tanto a superficie destes pasteiros de verán, como 5 dos elementos etnográficos enclavados nos mesmos e que son: as chozas de San Amaro, Peneda, Vilanova e Mera e o curral da Peneda.

Ruta FOXO do Lobo

CONCELLO DE COVELO



CONCELLO
DE COVELO

Accesos

O roteiro na actualidade esta conformado por **dous accesos** **dende distintos puntos da serra** e ambos permiten a visita dos conxuntos etnográficos do **foxo do lobo** e dos **chozos de Bidueiros**. Un terceiro acceso (parcialmente sinalizado) pode abordarse dende a Poza de Piñeiro, lugar ata onde chega unha ruta sinalizada que parte do cemiterio de Piñeiro (Ruta Poza Piñeiro:http://concellodecovelo.es/archivos_editor/file/pinheiro_galego.pdf).

Recoméndase roupa e calzado de montaña.

Dende a parroquia de Campo:

Percorrendo a pista do foxo e ó longo dun percorrido 6,5 km. que segue o trazado ou vai paralelo a un dos ramais do antigo camiño da Brea, chegamos O Foxo de Lobo de Campo (a 5 km.) e ó Conxunto Etnográfico Gandeiro de Bidueiros (a 1,5 km. do Foxo).

Inicio: Coordenadas UTM WGS84: X:550461 Y:4683852

Foxo do lobo: UTM WGS84: X:552960 Y:4685955

Remate (Bidueiros): Coordenadas UTM WGS84: X:551713 Y:4685693

Lonxitude total aprox. (ida e volta): 13 Km.

Dificultade: Media/baixa.

Dende a parroquia de A Graña:

Dende a pista forestal no final do vial do parque eólico na Chan do Libro.

Inicio: Coordenadas UTM WGS84: X:555188 Y:4682534

Foxo do lobo: UTM WGS84: X:552960 Y:4685955

Remate (Bidueiros): Coordenadas UTM WGS84: X:551713 Y:4685693

Lonxitude total aprox. (ida e volta): 11 Km.

Dificultade: Media/baixa.

